

## PELÍCULAS



## VACACIONES



HAI QUE LER!

## IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28  
15702 Santiago de Compostela  
Telf.: 981531013  
Fax.: 981593605

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>  
Pedriñas blog do ENLD [www.blogoteca.com/pedrinhas](http://www.blogoteca.com/pedrinhas)

## GUÍA DE LECTURAS VACACIONES DE VERÁN CURSO 2011-2012

BIBLIOTECA  
IES PONTEPEDRIÑA



NESTE VERÁN...  
MERGÚLLATE NA

LECTURA!!

FELICES VACACIONES!!



## VACACIÓNS 1º - 2º ESO



**Castelao. O pobre tolo-I.** Inacio Vilaño e Iván Suárez. Banda deseñada.

Proxecto que abrangue a vida enteira de Castelao, repartido en oito volumes. Rematados están o primeiro, Titán, dende que se licencia en Medicina ata 1918, cando volve a Rianxo para axudar ao pobo durante a vaga de gripe española. O pobre tolo chega ata o seu desterro extremeño no outono 1934, durante a represión conservadora que deu nome ao bienio negro.

**Unha branca de cobre para Martiño.** Ramón Carredano.

A Martiño fascinábao a historia que gardaba cada unha das moedas da súa colección. Tiñaas de todos os tempos: gregas, púnicas, romanas, medievais... Na Noiteboa, cando está a piques de cumprir trece anos, o mareo provocado pola súa primeira copa de cava tráelle unha tremenda sorpresa na dormevela: esperta a bordo da *Santa María*, a nao do almirante Cristovo Colón, que, despois de tocar terra o 12 de outubro de 1492, leva máis de dous meses percorrendo as illas das Indias.



**Estanislao, príncipe de Sofrovia.** Manuel Lourenzo. O día do nacemento do príncipe Estanislao sería lembrado para sempre con letras destacadas nos anais do antigo e poderoso reino de Sofrovia debido á potencia dos berros que emitiu en canto viu a primeira luz. Na cerimonia de presentación oficial mexa placidamente e sen recato de ningún tipo sobre a coroa e o manto de armiño.

## VACACIÓNS 3º- 4º ESO




**Sálpock. O val dos cegos.** Banda deseñada. A.López e L.Sendón-Demo.

Álbum finalista do Premio Castelao 2011 da Deputación da Coruña, Demo Editorial inicia unha nova colección en torno a un xénero de culto, a ciencia-ficción. Con Salpock, afrontan unha historia de acción e aventura nun mundo futuro e post-apocalíptico sen esperanza, onde este náufrago caído das estrelas loitará sen tregua pola súa liberdade. Valentía, amizade, aventura... Tamén amor.

**Cita en Fisterra.** Luís Rei Núñez.

O viaxeiro destas páxinas é deses tipos pouco dados a conxugar en primeira persoa heroísmos e bravuras. No canto das xeografías da anaconda, o tigre ou as moscas tse-tse prefire a máis modesta, é un dicir, a da centola. Así emprende a viaxe a unha terra mítica, que el quere despoxada de calquera clase de verniz espiritual: non se trata dun Xacobeo bis. Mais non por iso deixa fóra da mochila as preocupacións dunha alma que, ante as paisaxes do Atlántico, combina un agarimo infinito cun sentido crítico encerrado polas desfeitas do feísmo.



**Charlie e o grande ascensor de cristal.** Roald Dahl.

Nesta continuación, Charlie, o noso heroe, a súa familia toda e o señor Wonka utilizan un novidoso medio de transporte -un grande ascensor de cristal dotado dos medios técnicos máis avanzados- para chegar ata a fábrica das marabillosas lambetadas e facerse cargo da súa dirección. De súpeto, por mor dun fallo técnico, as cousas comezan a ir mal: o aparello elévase máis e máis ata entrar na órbita terrestre.

## VACACIÓNS BACHARELATO





**Ata que o saibas todo.** Juan Kruz Igerabide.

O pai de Esther foi detido como sospeitoso dun desfalco millonario no banco onde traballaba. A súa nai tamén é buscada pola policía como cómplice. Nos peores días da vida de Esther, alumna invidente dun instituto do País Vasco, os seus amigos de clase convértense nos seus mellores aliados para superar o mal trago deste momento da súa vida.

**Cabana de Balieiros.** Tokio. Banda deseñada.

Cabana de Balieiros é unha vila do s.XIX que agocha segredos. Moitos son misterios que levan e traen as mareas. Algúns afúndense, e outros saen á superficie cando ninguén o espera. Un novo párroco chega á vila, e atópase cunha igrexa abandonada e un mundo que lle descubrirá as historias que fermentan na terra, fillas do salvaxe vento que trae o mar.



**Valentín Paz-Andrade.** Charo Portela Yáñez.

Malia a complexa e polifacética personalidade de Paz-Andrade, Charo Portela constrúe unha biografía moi profunda ao botar man da correspondencia que o pontevedrés mantivo con persoas da súa época. Os fragmentos epistolares ofrecen unha visión íntima e veraz da súa vida, personalidade e carácter.